

# Universidade de Vigo Campus de Ourense

## Graduado superior en CIENCIAS E TECNOLOXÍA AMBIENTAL

### TÍTULOS PROPIOS

#### GRADUADO SUPERIOR EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA AMBIENTAL

O programa de Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental comprende un conxunto de materias, correspondentes aos ámbitos científico e tecnolóxico, que pretenden formar especialistas que sexan capaces de actuar con eficiencia fronte aos problemas de xestión en saúde ambiental, de xestión e de desenvolvemento sostible.

O titulado será un profesional especializado no campo do medio natural cunha formación que lle permitirá desenvolverse cun alto grao de eficiencia en:

- Planificación, implementación e avaliación de programas.
- Proxectos de xestión ambiental.
- Saúde ambiental en empresas e institucións.

Ademais, a formación básica xeral permitiralle participar con máis eficiencia en proxectos interdisciplinarios no ámbito da tecnoloxía ambiental.

O programa ten como propósito formar profesionais especializados en tecnoloxía ambiental que sexan capaces de:

Poñer en práctica metodoloxías para avaliar da maneira máis rápida fontes de contaminación e exposición ambiental por axentes químicos, físicos e biolóxicos, que fundamenten a toma de decisións en áreas de desenvolvemento industrial e/ou servizos de saúde.

Elaborar, identificar, diagnosticar e avaliar problemas ambientais dos ecosistemas como factores de risco na saúde humana e estruturas comunitarias de seres vivos.

Previr e controlar os efectos nocivos dos contaminantes.

Organizar unidades técnico-administrativas para a xeración, interpretación e uso de información ambiental.

Contribuír á formulación de proxectos ou programas de desenvolvemento sostible enmarcados na lexislación ambiental e normativas vixentes.

Desenvolver, adaptar e aplicar tecnoloxías adecuadas para planear, protexer, preservar, restaurar e mellorar o medio natural.

Empregar ferramentas de planificación e administración para a súa aplicación na actividade produtiva e en programas de protección ambiental, no marco da lexislación vixente, dirixidas á prevención de riscos ambientais.

Deseñar e desenvolver proxectos de investigación enfocados á caracterización de contaminantes, á súa transformación, minimización e dispersión no ambiente ou en microambientes específicos.

#### ESTRUTURA

Esta titulación componse dun 2º ciclo, de dous anos de duración. Está composta por unha carga lectiva de 154,5 créditos incluído un proxecto de fin de carreira (0,5 créditos) e as prácticas tuteladas en empresas (1 crédito).

#### MERCADO DE TRABALLO

En empresas: responsable de departamento de medio natural, implantación de normas de calidade (ISO, EMAS) e auditorías ambientais en empresas.

En oficinas de enxeñaría: asistencia no deseño e operación de plantas de tratamento de augas e residuos sólidos, minimización de emisión e tratamento de gases, recuperación de espazos degradados, tratamento de solos.

Consultorías ambientais: diagnóstico e plans de xestión ambiental en empresas, estudos de minimización e reciclaxe de residuos, desenvolvemento de tecnoloxías de produción limpas, estudos de avaliación de impacto ambiental.

Administración: plans de xestión de espazos naturais, normativas ambientais, asesoramento técnico na administración en xeral.

#### PERFIL DO ESTUDANTE

Persoas preocupadas polo desenvolvemento humano e da natureza, con vocación para as ciencias naturais, a química e a bioloxía. Adoitan ter capacidade de análise, son racionais e inclínanse por un traballo experimental. Habitualmente son observadores, responsables, con boa capacidade de síntese e cunha predisposición natural cara á investigación.

#### ACCESO

Poderán acceder a estes estudos:

Quen estea en posesión do título de licenciado en Química, Física, Bioloxía Xeolóxica, Ciencias do Mar, Farmacia, Veterinaria, Matemáticas ou Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.

Quen estea en posesión do título de enxeñeiro Químico; Industrial; de Montes; de Camiños, Canais e Portos ou en Xeodesia e Cartografía. Quen estea en posesión do título de enxeñeiro Técnico Agrícola, Minas, Obras Públicas, Topografía, Forestal e Industrial.

Alumnado de calquera das tres titulacións da Facultade de Ciencias de Ourense (o título non se emitirá ata ter rematado como mínimo o de enxeñeiro técnico ou diplomado universitario).

## PRIMEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Análise instrumental (ETA)	D	4.5
Bases fisicoquímicas da contaminación (ETA)	D	4.5
Calidade de augas	D	6
Ecología	D	6
Economía (ETA)	D	9
Edafoloxía e climatoloxía (ETA)	D	4.5
Estatística básica (ETA)	D	4.5
Expresión gráfica e cartografía (ETA)	D	7.5
Hidroloxía agraria (ETA)	D	4.5
Interpretación do medio natural e da paisaxe (ETA)	D	6
Introdución á física da atmosfera e do Medio ambiente (F)	D	6
Lexislación ambiental	D	4.5
Modelización e simulación ambiental	D	6
Saúde pública (T AL)	D	4.5

## SEGUNDO CURSO

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Avaliación de impactos ambientais	D	4.5
Biotecnoloxía ambiental	D	4.5
Ciencia e tecnoloxía do medio ambiente (ETA)	D	7.5
Contaminación	D	6
Degradación e recuperación de solos (ETA)	D	4.5
Enerxía e medio ambiente (F)	D	7.5
Proxectos (ETA)	D	6
Radioactividade e radioprotección (F)	D	6
Residuos sólidos urbanos e edar	D	4.5
Teledetección (F)	D	6
Tratamento de residuos industriais (ETA)	D	4.5
Xeofísica (F)	D	6
Xeotécnica e avaliación de riscos (ETA)	D	4.5
Xestión de espazos naturais e protexidos	D	4.5

Nota: os alumnos deberán realizar ademais un PFC e as prácticas en empresas.

## PRÁCTICAS EN EMPRESAS

As prácticas en empresas serán obrigatorias para todos os alumnos dos estudos de Graduado Superior en CIENCIA E TECNOLOXÍA AMBIENTAL. Terán unha duración mínima de 80 horas.

## PROXECTO DE FIN DE CARREIRA (PFC)

Para acadar o título de Graduado Superior en CIENCIA E TECNOLOXÍA AMBIENTAL os alumnos deberán elaborar, presentar e superar un PROXECTO FINAL DE CARREIRA ou un TRABALLO ACADÉMICO EQUIVALENTE.

## NOTAS

Os alumnos só poderán validar un máximo do 50 % dos créditos totais da titulación de Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental por estudos universitarios previos.

O número mínimo de créditos cursados polo alumno, contando o 1º ciclo de procedencia, será de 300 créditos.

D Determinal (créditos obrigatorios)

## Ficha

Titulación	Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental
Centro	Facultade de Ciencias de Ourense
Ensinanzas	Segundo ciclo
Nº de anos académicos	2
Curso de implantación	03/04

## Créditos totais

Obrigatorios	Prox. fin. carr.	Prácticas en empresas	Totais
153	0.5	1	154.5

## Información

Facultade de Ciencias  
Campus de Ourense. As Lagoas  
32004 Ourense  
Tfno: 988 387 000 Fax: 988 387 001  
Correo electrónico: sdefco@uvigo.es  
<http://www.fcou.uvigo.es>

## Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles  
Campus de Vigo  
36310 Vigo (Pontevedra)  
Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639  
mail. [siope@uvigo.es](mailto:siope@uvigo.es)  
[www.uvigo.es](http://www.uvigo.es)